

Comisión de usuarios. 16 de diciembre de 2011

Orden do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da última comisión
2. Informe da dirección
3. Novas Tarifas
4. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios

1. Acta da reunión anterior

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE 11 DE XULLO DE 2011

LUGAR: Sala de Xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 11 de xullo de 2011

HORA DE COMEZO: 12:44 horas

HORA DE REMATE: 13:35 horas

ASISTENTES

Jaime Rodríguez González, director do SAI

Concepción Herrero López, vicerreitora de investigación

Carlos Jiménez González

Pilar Rodríguez Barro

Andrés Martínez Lage

Andrés de Blas Varela

Soledad Muniategui Lorenzo

Antonio Paz González

Ginés Nicolás Costa

Jorge Sanjurjo Sánchez

Juan Antonio Castro Amado

José María Aguiar Paz

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

AUSENTES

Jorge Sanjurjo Sánchez

Antonio Paz González

Joaquín Suarez López

Julián Yáñez Sánchez

José Manuel López Vilariño

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de cambio de tarifas
4. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios.

1. Acta da reunión anterior

DELIBERACIÓNS

Antes de comezar coa orde do día, o director escusa a ausencia de Antonio Paz González e Jorge Sanjurjo Sánchez.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Na acta da comisión de usuarios decembro de 2010 recóllese o cambio na composición da comisión. Nestes cambios deuse de baixa a Andrés de Blas Varela, sen embargo esta baixa deixou de ser efectiva xa que se debeu ao non chegar a tempo a proposta da área Química Inorgánica, feita a reclamación, o profesor Andrés de Blas reincorpórase a comisión en representación de dita área.

A continuación apróbase por unanimidade a acta da reunión do 09/12/2010.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

- Memoria 2010:

No ano 2010 produciuse unha caída dun 40% no número de mostras con respecto ao ano 2009. A baixada principalmente debeuse a que unha das empresas que traballaba coa Unidade de Bioloxía Molecular (UBM) alta adquiriu o seu propio equipamento. Das 70000 mostras analizadas durante o ano 2009, unhas 40000 foron da UBM.

Neste punto a vicerreitora insiste no problema que xerou en todas as universidades a competencia dos laboratorios coreanos que traballan a prezos moi por debaixo do mercado. Desta forma moitos investigadores fan as análises de rutina ou cribado en Corea e as mostras máis sensibles nas súas universidades.

Tamén produciuse unha decrecemento nos ingresos, pero soamente dun 10%, que se debeu á perda de usuarios tipo C. Este tipo de usuarios pasaron a ser o 3% das mostras analizadas fronte ao 18% do ano 2009, pola desaparición ou diminución do volume de traballo de moitas consultoras. Sen embargo seguen supoñendo o 37% dos ingresos xa que se mantiveron os convenios con empresas.

Os usuarios B mantéñense no 28% de mostras e mantívose a facturación.

En canto aos usuarios tipo A, por departamentos o Departamento de Bioloxía Celular e Molecular é o que enviou máis mostras, e por áreas Xenética e Enxeñaría do Terreo.

- Resolución do concurso do Servizo de Mantemento Científico:

Neste ano saíu a concurso o Servizo de Mantemento Científico que se puxo en funcionamento no ano 2007.

Presentáronse 4 empresas: Tecnología Gallega de Mantenimientos y Servicios, Ibérica Mantenimientos, Deyman y Agenor Mantenimientos.

O director amosa os criterios de avaliación das propostas e indica que o concurso adjudicouse á empresa Agenor que fíxose cargo do servizo no mes de marzo, subrogou os contratos dos técnicos que xa traballaban no servizo e suma un técnico para Ferrol.

Ginés Nicolás Costa pregunta polas tarefas dos técnicos. O director responde que o servizo reparar todo tipo de equipamento científico e que na web do SAI hai un formulario de solicitude de reparación e os números de teléfono de contacto. A vicerreitora indica que non é persoal do SAI, se non que os SAI serve como enlace entre o servizo de mantemento e os usuarios e así que a facturación sexa un cargo interno á universidade. Tamén salienta que se enviou información a todos os centros sobre este servizo.

Soledad Muniategui Lorenzo pregunta se se revisaron as tarifas. A vicerreitora indica que se cobrarán as pezas e a mano de obra segundo o que ofertou no concurso. O director sinala que nos SAI hai unha partida para mercar pezas.

- Persoal:

O director informa que se renovou o contrato Marta Mato, técnico contratada co programa Xunta de Galicia de recursos humanos Incorporación de Tecnólogos e Axentes de Innovación e Xestión Programa Isabel Barreto-2008.

Tamén informa dos cambios no persoal dentro da RPT:

1. Técnico superior da Unidade de Análise Estrutural. O director explica que Alberto Núñez Cardezo, que traballaba en comisión de servizos na unidade técnica de calidade, solicitou a súa volta ao SAI e reincorporouse ao seu posto de técnico superior, polo que Ana Isabel Balana Gracia deixou de prestar os seus servizos no SAI. O director agradece a súa labor ao longo deste anos de traballo no SAI.
2. Técnico superior da Unidade de Microscopía. O director informa que rematou o proceso de creación dunha lista agarda para cubrir a baixa da técnico superior desa unidade. O proceso finalizou o xoves pasado e hai unha persoa proposta para que se incorpore ao posto en dez ou quince días.
3. Técnico superior da Unidade de Espectrometría de Plasma-Masas. Estase a elaborar unha lista de agarda para cubrir a baixa da técnico superior.

Comisión de usuarios

1. Acta da reunión anterior

Soledad Muniategui comenta a lentitude do proceso de avaliación das listas de agarda. O director responde que neste caso a persoa elixida ten que ser apta, non soamente para o manexar o ICP, se non que tamén para a acreditación.

- Sistema de xestión da calidade ISO 9001:2008.

O director informa que se renovou a certificación ISO 9001 ata o ano 2014.

- Ensaio acreditado segundo norma 17025.

Ata o momento os SAI están acreditados nun ensaio para a análise de dioxinas en produtos alimenticios.

O director informa que o 16 e 17 de marzo fíxose unha auditoría para a ampliación do alcance do ensaio acreditado a PCBs similares a dioxinas e para a acreditación dalgúns ensaios da unidade de análise de augas. Agora mesmo se estamos en proceso de aporte de evidencias e esperamos que en 3 ou 4 meses ter a resolución.

- Petición FEDER 2010. Proxectos concedidos.

Segundo informou a Secretaría Xeral de Universidades aos SAI se lle concederon catro proxectos:

1. Sistema de extracción en fase sólida para mostras acuosas. O director comenta que foi a solicitude mellor valorada de Galicia.
2. Espectrómetro para medidas de tempos de vida de fluorescencia.
3. Analizador termogravimétrico de presión e alto vacío acoplado a un espectrómetro de masas.
4. Scanner láser para a cuantificación precisa de proteínas e ácidos nucleicos desde soportes sólidos mediante marcaxe radioactivos, fluorímetro e de quimioluminiscencia.

Por outra parte tamén se concedeu a financiación para o mobiliario do CICA.

A vicerreitora felicita o director pola elaboración da solicitude e os que colaboraron aportando os seus Curriculum Vitae.

Punto 3º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DE PROPOSTA DE CAMBIO DE TARIFAS

O director indica que, aínda que as maiores modificacións de tarifas se fan ao rematar o ano, a metade de ano se poden facer modificación para novas análises.

1. Na Unidade de Análise Estrutural elimínase a determinación do tamaño do cristal e a cunatificación das fases cristalinas. Se retira de autoservizo o picnómetro de helio por reiteradas avarías.

2. Na Unidade de Bioloxía Molecular engádense as tarifas para o novo equipamento de expresión xénica, que se dividen en tramos por número de arrays. O director explica os pasos que ten a dita análise e desglosa o prezo de cada un deles.

A vicerreitora, como usuaria, explica que os kits non están estandarizados fóra de humanos, cultivo de plantas ou gandeiría, e por iso os prezos son tan altos.

Tamén se fai unha listaxe de equipos en autoservizo.

3. Unidade de Espectroscopia Molecular. Se engaden tarifas pendentes para usuarios C: ESI-TOF e uso do MALDI-TOF.
4. O director anuncia que o SAI oferta a calibración de micropipetas, para iso os SAI mercaron unha balanza con un programa para calibración e se adestrou ao persoal de AGENOR.

As tarifas son aprobadas pola Comisión e agora, como indica a vicerreitora, teñen que ser aprobadas polo Consello Social.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

1. Soledad Muniategui pregunta cómo afecta á volta de Alberto Núñez Cardezo ao SAI ás auditorías.

O director comenta que para o SAI Alberto Núñez segue sendo responsable de calidade e que a praza de técnico superior da unidade técnica de calidade xa saíu a concurso.

2. Ginés Nicolás Costa. En microscopía se cubre a praza de técnico superior, pero qué vai pasar coa segunda persoa da unidade.

O director comenta que o seu contrato remata en decembro como outras 2 persoas do SAI.

A vicerreitora comenta que a Xunta non vai sacar a convocatoria de recursos humanos e que se cubriron solicitudes para moitos concursos. Ademais explica os problemas que hai coas becas e contratos e sobre todo coas predoutorais.

Ginés Nicolás comenta o dano que se lle está a facer as universidades. A vicerreitora contesta que os tres reitores xa se queixaron, tanto polo que se está falando nesta comisión como polo I+D en xeral.

Comisión de usuarios

1. Acta da reunión anterior

Soledad Muniategui pregunta cómo afecta isto a SAI. A vicerreitora comenta que os 30% do FEDER o aporta o ministerio en forma de préstamo.

Establécese un diálogo entre Soledad Muniategui, a vicerreitora e o director dos SAI sobre os contratos de mantemento e cómo lles afecta o recorte orzamentario. O director comenta que se está a negociar a renovación dos contratos de mantemento e que se quere manter o custo do contrato do ano 2008-2009.

3. Carlos Jiménez González pregunta polos prazos no que o CICA estará dispoñible. A vicerreitora comenta que o mobiliario se sacará a concurso con prazo de execución e que en paralelo sairá o concurso para a asignación de espazos. Así que se podería estar falando dun prazo de un ano. O director do SAI comenta que hai 28 laboratorios de entre 40 e 65 m2.

Soledad Muniategui pregunta se o mobiliario está relacionado coa ocupación. A vicerreitora e o director responde que o mobiliario é estándar. O director engade que hai un laboratorio tipo por especialidade: orgánica/inorgánica, analítica, bioloxía, etc., e que ademais haberá zonas comúns para gran instrumentación, zonas de traballo, de residuos, etc.

Ao non haber máis preguntas o director da por rematada a reunión da Comisión de Usuarios ás 13:35 h dos 11 de xullo de 2011.

A secretaria

Visto e prace

O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jaime Rodríguez González

Comisión de usuarios.

2. Informe da Dirección: enquisa de satisfacción 2011

La siguiente tabla refleja el número de encuestas enviadas, según colectivo:

Colectivo	Nº encuestas
Usuarios tipo A	131
Usuarios tipo B	82
Usuarios tipo C	64
Total	277

Respuestas recibidas

Recibidas válidas **77** (27,80 %) Por colectivos:

Usuarios de tipo A

Válidas recibidas **32**, (24,48 %)

Usuarios de tipo B

Válidas recibidas **26**, (30,23%)

Usuarios de tipo C

Válidas recibidas **19** (29,69%)

Criterios seguidos para hacer la valoración de los resultados

Para cada uno de los ítems se calculó la media de la puntuación así como la desviación estándar.

- 1-2: zona de baja satisfacción
- 3-4: zona de satisfacción media
- 5-6: zona de satisfacción alta

Para poder apreciar mejor los puntos de mejora, también se indica el porcentaje de respuestas que los usuarios han calificado en el rango de valores 1-3. Esta zona corresponde a insatisfacción clara.

Se ha tomado como criterio para señalar los puntos de mejora aquellos que tienen un 20% de los resultados o bien en el rango 1-3 o bien en el rango 3-4. En el caso de existir un 20% de respuestas en el rango 1-2, éste sería un punto de no conformidad que habría que tratar de forma inmediata.

Comisión de usuarios.

2. Informe da Dirección: enquisa de satisfacción 2011


Análisis global de datos

Tabla de resultados.

	Respuestas válidas	NS/NC	Media	Desviación estándar	Rangos de valores (%)			1-3 (%)
					1-2	3-4	5-6	
Facilidad de acceso a la Dirección	59	18	5,14	0,75	0,00	12,99	63,64	5,19
Facilidad de acceso a la Secretaría Técnica	56	21	5,39	0,60	0,00	9,09	63,64	0,00
Valoración de los trámites administrativos	61	16	5,34	0,68	0,00	11,69	67,53	1,30
Grado de conocimiento de las actividades de los SAI	67	9	5,42	0,73	0,00	10,53	77,63	2,63
Facilidad uso de la web	71	6	5,04	0,89	0,00	27,27	64,94	5,19
Valoración de la información que se encuentra en la web	49	28	5,33	0,57	0,00	9,09	54,55	0,00
Utilidad general de la web	51	26	5,00	0,76	0,00	15,58	50,65	6,49
Valoración global de los SAI	49	28	5,20	0,68	0,00	12,99	50,65	2,60

Comisión de usuarios.

2. Informe da Dirección: encuesta de satisfacción 2011



Comisión de usuarios. 11 de xullo de 2011

2. Laboratorios da Unidade de Augas



Planta -1



Renovados:

Bruker: RMN (300 y 500 Mhz)

Bruker: Difractómetro Monocristal, FRX y DRX Pó

AB: Equipos de Masas MALDI-TOF, Q-TOF, Triple Q

Thermo: 2 MAT 95, 2 Polaris, 1 Delta Plus (IRMS), MAT253 (IRMS),
2 ICPMS (HR), 1 ICPMS (Quadrupolar)

IZASA: Microscopio Barrido

a. Programa Xunta de Galicia: RHS Incorporación de Tecnólogos e Axentes de Innovación e Xestión Programa Isabel Barreto-2009 *Renovación Susana Roch (Responsable de la Unidad de Aguas)*

b. De plantilla

1. Técnico Superior da Unidade de Microscopía
2. Técnico Superior da Unidade de Plasma-Masas: *sustitución hasta 21 de enero de 2012*

2. Informe da Dirección: Sistema de Xestión da Calidade ISO 9001:2008



Comisión de usuarios.

2. Informe da Dirección: Ensaíos acreditados según norma 17025



Concesión de aumento de alcance:

Nov. 2011: DIOXINAS +
PCB'S

Se está pendiente del ensayo de Aguas.

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: SUBIDA DE IPC (Octubre de 2011 3%)

1 UNIDADE DE ANÁLISE ESTRUTURAL

NOTA: ¹ *Dispoñible en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltese coa unidade.*

11	DIFRACCIÓN DE RAIOS X (PO)	2011	2012
111A	Varrido por difracción de raios X (po), por hora	2,22 €	2,29 €
112A	Identificación de fases cristalinas	3,17 €	3,27 €
113A	Preparación de mostra para difracción de raios X (po), por hora	1,79 €	1,84 €
12	FLUORESCENCIA DE RAIOS X		
121A	Análise semicuantitativa (po), por mostra		12,45 €
122A	Análise semicuantitativa (pastilla), por mostra		12,45 €
123A	Análise semicuantitativa (perla), por mostra		15,60 €
121A	Pretratamento FRX (moenda), por mostra	0,77 €	
122A	Pretratamento FRX (LOI), por mostra	2,04 €	
123A	Pretratamento FRX (humidade), por mostra	2,17 €	
124A	Pretratamento FRX (pastilla), por mostra	1,02 €	
125A	Pretratamento FRX (perla), por mostra	3,16 €	
126A	Varrido por fluorescencia de raios X, por hora	2,91 €	
127A	Análise semicuantitativa por fluorescencia de raios X, por mostra	3,17 €	
124A	Análise cuantitativa por FRX, (en función dos patróns necesarios)	Consúltese	Consúltese

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

1 UNIDADE DE ANÁLISE ESTRUCTURAL

NOTA: ¹ Dispoñible en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltase coa unidade.

16 OUTRAS ANÁLISES DE MOSTRAS SÓLIDAS

161A	Perda por calcinación (a 550°C ou a 750°C ou a 975°C), por mostra	3,04 €	3,13 €
162A	Humidade de balanza de humidades	2,17 €	2,24 €
163A	Determinación de pH en sólidos	2,17 €	2,24 €
164A	Sílice por gravimetría	3,51 €	3,62 €
165A	Densidade real de sólidos (picnómetro de helio), por mostra	3,06 €	3,15 €
166A	Uso de equipamento de calcinación, por hora ¹	1,02 €	3,00 €
167A	Uso de equipamento de corte, por hora ¹	1,06 €	3,00 €
168A	Uso de equipamento de moenda, por hora ¹	1,06 €	3,00 €

☀ Subida por el precio de las cuchillas, bolas, etc..

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

2 UNIDADE DE BIOLOXÍA MOLECULAR

NOTAS:

¹ A tarifa non inclúe a purificación con SAP.

² Cobrarase unha placa de 96 pocillos íntegra e unha tapa de selado, independentemente dos pocillos utilizados no ensaio.

³ A tarifa inclúe a análise por duplicado, isto é, dúas réplicas por mostra.

⁴ Os chips de ADN teñen unha capacidade de 12 mostras, os de ARN de 11 e os de proteínas de 10 mostras. Recomendamos que se xunten as mostras necesarias para completar os chips, xa que se cobrará un chip enteiro por ensaio, independente do número de mostras utilizadas en cada chip.

⁵ A tarifa inclúe: 1) Re-Análise da cantidade e calidade do ARN total utilizando o NanoDrop ND-1000 e o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 2) Xeración de cADN utilizando o 3' IVT Express Kit de Affymetrix; 3) Síntese da molécula de ARN que se hibridará ao chip e análise da calidade do aARN mediante o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 4) Fragmentación da molécula a hibridar e análise da eficacia da fragmentación utilizando o Bioanalyzer 2100 de Agilent; 5) Hibridación, lavados e lectura de microarrays mediante escáner.

⁶ O autoservizo deste equipo pode realizarse *in situ* na Unidade de Bioloxía Molecular ou desprazalo ao laboratorio do usuario/a por un período mínimo de 15 días.

⁷ Enténdese por "run" un programa de 3 horas, o que exceda deste tempo cobrarase a 1,00 €/hora. Este equipo emprega placas de 96 pocillos e tapas de selado dunha calidade determinada que o laboratorio pon a súa disposición e que cobrará segundo as tarifas 223A e 228A.

21	SECUENCIACIÓN DE ADN	2011	2012
211A	Secuenciación de ADN	6,00 €	6,18 €
212A	Purificación de produtos de PCR	1,63 €	1,68 €
213A	Análise de fragmentos de ADN (inclúe estándar de tamaño)	2,74 €	2,82 €
214A	Análise de fragmentos de ADN (non inclúe estándar de tamaño)	2,19 €	2,28 €
215A	Análise de SNPs ¹	Consúltase dispoñibilidade	Consúltase dispoñibilidade
2151A	Purificación con SAP	Consúltase dispoñibilidade	Consúltase dispoñibilidade

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

Nueva forma de tarifar...

31	ANÁLISE CUANTITATIVA	
311A	Totais en mostras sólidas, por mostra ¹	15,58 €
312A	Totais en mostras líquidas, por mostra ¹	11,02 €
313A	Totais disoltos en mostras líquidas, por mostra ¹	6,22 €
314A	Totais en disolventes orgánicos, por mostra ¹	14,11 €
315A	Prezo por elemento	0,80 €
316A	Análise semicuantitativa por ICP-MS	6,75 €
317A	LA-HR-ICP-MS, 15 disparos	15,00 €
318A	Prezo por disparo adicional	0,60 €
32	AUTOSERVIZO	
321A	ICP-MS cuadrupolar, por día ²	132,60 €
322A	HPLC-ICP-MS cuadrupolar, por día ²	132,60 €

Propuesta de descuento del 25%: autoservizo (patrones, disolventes a cargo del usuario)

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

4 UNIDADE DE ESPECTROSCOPIA MOLECULAR

NOTAS: ¹ *Dispoñible en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltase coa unidade.*
² *A realización dun ensaio ESI-Q-TOF MS/MS ou MALDI-TOF PSD conlevará sempre a realización previa do correspondente ensaio ESI-TOF ou MALDI-TOF, que se facturará separadamente.*

44	ANÁLISE TERMOGRAVIMÉTRICA		
441B	Equipo ATG/ATD, aire sintético, nitróxeno ou argón, por hora	10,18 €	10,49 €
442B	Suplemento por uso de cápsulas de platino, por determinación	16,98 €	17,47 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

5 UNIDADE DE MICROSCOPIA

NOTA: ¹ *Dispoñible en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltase coa unidade.*

		2011	2012
51	SERVIZO DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA DE VARRIDO		
511A	Microscopio electrónico de varrido (MEV), por hora	11,87 €	12,23 €
52	SERVIZO DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA DE TRANSMISIÓN		
521A	Microscopio electrónico de transmisión (MET), 100 kV, por hora	11,87 €	12,23 €
522A	Microscopio electrónico de transmisión (MET), 200 kV, por hora	16,43 €	16,92 €
523A	Placa fotográfica, negativo de 6,5 x 9 cm (MET)	1,69 €	1,74 €
524A	Revelado da placa (microscopio electrónico de transmisión)	2,26 €	2,33 €
525A	CD	0,68 €	0,70 €
53	SERVIZO DE MICROSCOPIA ÓPTICA		
531A	Microscopio estereoscópico, por hora	4,08 €	3,15 €
532A	Microscopio confocal biolóxico, por hora	11,87 €	12,23 €
533A	Microscopio confocal de materiais, por hora	11,87 €	12,23 €
534A	Microscopio invertido, por hora		4,20 €
535A	Microscopio de fluorescencia, por hora		6,00 €
54212A	Crioultramicrotomo, por hora	6,12 €	6,30 €
54213A	Fixación en glutaraldehído (ata 6 mostrás)		10,00 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

6 UNIDADE DE TÉCNICAS CROMATOGRÁFICAS

NOTA: ¹ *Dispoñible en autoservizo para usuarios debidamente cualificados. Consúltase coa unidade.
O usuario deberá aportar todo o material que sexa necesario para a realización dos traballos (patróns, columnas, disolventes, metodoloxía, man de obra...) e será supervisado polo técnico responsable da unidade.*

61	TÉCNICAS INSTRUMENTAIS	2011	2012
6101A	Cromatografía líquida de alta eficacia (HPLC) ou cromatografía de gases, por hora	1,69 €	1,74 €
6102A	Cromatografía líquida de alta eficacia (HPLC) ou cromatografía de gases, autoservizo, por hora ¹		1,39 €
6103A	Cromatografía gases-espectrometría masas (baixa resolución), por hora	6,78 €	6,98 €
6104A	Cromatografía gases-espectrometría masas (baixa resolución), autoservizo, por hora ¹		5,58 €
6105A	Cromatografía gases-espectrometría masas (alta resolución), por hora	13,57 €	13,98 €
6106A	Cromatografía gases-espectrometría masas (alta resolución), autoservizo, por hora ¹		11,18 €
6107A	Liofilización, por día ¹	15,00 €	15,45 €
6108A	Cromatografía líquida alta eficacia-Espectrometría masas (HPLC-MS), por hora	15,85 €	16,33 €
6109A	Cromatografía líquida alta eficacia-Espectrometría masas (HPLC-MS), autoservizo, por hora ¹		12,25 €
6110A	Cromatografía líquida alta eficacia-Espectrometría masas (HPLC-MS), por día ¹	105,67 €	108,84 €
6111A	Cromatografía líquida alta eficacia-Espectrometría masas (HPLC-MS), autoservizo, por día ¹		81,63 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

TARIFA DE DIOXINAS

Necesidade de adaptarse a precio de mercado



SGS

Dioxinas + Furanos +Pcb's 636 € + IVA

-10 % si son 15

Price without tax in EUR				
Code	Analyses/Packages	Unit price	Quantity	Total
DIOXINS & PCBs - CE 1881/2006				
P/ PAG35	PCDD/F (17) + PCB (12) ~ food / feed Optimum quantity required : 1000 g,Min. quantity required : 500 g,OILS & FAT (except butter),OILS & FAT (except butter),Optimum quantity required : 50 g,Min. quantity required : 20 g,dried/Lyophilized,Optimum quantity required : 200 g,Min. quantity required : 100 g - GF004: WHO-PCDD/F+PCB TEQ (GA) Reference Method: GLS DF 100; (Is Performed by Eurofins Laboratory: Eurofins GfA Lab Service GmbH(EUMNHA2)) - A7158: Dioxins and Furans: PCDD/F (17 Congeners) Reference Method: GLS DF 100; (Is Performed by Eurofins Laboratory: Eurofins GfA Lab Service GmbH(EUMNHA2)) - A7347: Dioxin-like PCBs (12 WHO-PCBs) (GA) Reference Method: GLS DF 100; (Is Performed by Eurofins Laboratory: Eurofins GfA Lab Service GmbH(EUMNHA2))	409.98	1	409.98

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

TARIFA DE DIOXINAS Necesidade de adaptarse a precio de mercado

*6216A	Equivalente tóxico total PCDD + policlorobifenilos "dioxin like" por HRGC-HRMS, por mostra	369,85 €	300,00 €
6217A	Aflatoxina B1, ocratoxina, zearalenona, vomitoxina e fumonisina en alimentos, por mostra	68,69 €	70,75 €
6218A	Aflatoxina B1, ocratoxina e zearalenona en alimentos, por mostra	31,70 €	32,65 €
6219A	Aflatoxina M1 ou vomitoxina ou fumonisina (só unha por análise) en alimentos, por mostra	15,85 €	16,33 €
6220A	Pigmentos, por mostra	12,68 €	13,06 €
6221A	Contaminantes emerxentes en augas por HPLC/MS, por mostra	51,00 €	52,53 €
6222A	Biotoxinas mariñas mediante HPLC/MS, por mostra	17,34 €	17,86 €
6223A	Determinación de aminoácidos en fluídos biolóxicos		12,00 €

(*) O ensaio de policlorodibenzodioxinas/furanos está acreditado pola ENTIDAD NACIONAL DE ACREDITACIÓN conforme aos criterios reflectidos na Norma UNE-EN ISO/ IEC 17025:2005 co número 725/ LE1402. O alcance da acreditación pode consultarse no anexo técnico vixente na páxina web de ENAC (<http://www.enac.es>).

*6216B	Equivalente tóxico total PCDD + policlorobifenilos "dioxin like" por HRGC-HRMS (>15 mostros), por mostra	435,90 €	350,00 €
--------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------	----------

*6216C	Equivalente tóxico total PCDD + policlorobifenilos "dioxin like" por HRGC-HRMS (>15 mostros), por mostra	515,15 €	450,00 €
--------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------	----------

7 UNIDADE DE TÉCNICAS INSTRUMENTAIS DE ANÁLISE

NOTAS:

¹ *Análise elemental: as tarifas refírense a unha determinación por mostra. Se o usuario está interesado en máis réplicas de análises deberá indicalo; a tarifa multiplicarase polo número de réplicas solicitadas.*

² *Espectrometría de masas de relacións isotópicas: determinación AE - MS = determinación mediante análise elemental - espectrometría de masas de relacións isotópica.*

³ *Só se analizarán mostras con enriquecementos inferiores a ~~40%~~ 30% at ¹⁵N.*

71 ANÁLISE ELEMENTAL ¹

	2011	2012
711A Determinación CHN, por mostra	2,38 €	2,45 €
712A Determinación CHN en mostras con halóxenos, por mostra	2,71 €	2,79 €
713A Determinación CHNS, por mostra	2,83 €	2,91 €
714A Determinación CHNS en mostras con halóxenos, por mostra	3,16 €	3,25 €
715A Determinación CHNS con emprego de aditivo, por mostra	3,85 €	3,97 €
716A Determinación carbono orgánico, por mostra	8,36 €	8,61 €

72 ESPECTROMETRÍA DE MASAS DE RELACIÓNS ISOTÓPICAS ²

721A ¹⁵ N/ ¹⁴ N e ¹³ C/ ¹² C, simplificado, recibida sen encapsular (AE-MS)	3,96 €	4,08 €
722A ¹⁵ N/ ¹⁴ N e ¹³ C/ ¹² C, duplicado, recibida sen encapsular (AE-MS)	6,67 €	6,87 €
723A ¹⁵ N/ ¹⁴ N e ¹³ C/ ¹² C, triplicado, recibida sen encapsular (AE-MS)	8,03 €	8,27 €
724A ¹⁵ N/ ¹⁴ N e ¹³ C/ ¹² C, simplificado , recibida encapsulada (AE-MS)	3,51 €	3,62 €
725A ¹⁵ N/ ¹⁴ N ou ¹³ C/ ¹² C, simplificado, recibida sen encapsular (AE-MS)	3,40 €	3,50 €
726A ¹⁵ N/ ¹⁴ N ou ¹³ C/ ¹² C, duplicado, recibida sen encapsular (AE-MS)	5,65 €	5,82 €
727A ¹⁵ N/ ¹⁴ N ou ¹³ C/ ¹² C, triplicado, recibida sen encapsular (AE-MS)	6,78 €	6,98 €
728A ¹⁵ N/ ¹⁴ N ou ¹³ C/ ¹² C, simplificado , recibida encapsulada (AE-MS)	2,94 €	3,03 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

8 UNIDADE DE ANÁLISE DE AUGAS

NOTAS: ⁺ por procedemento interno P-SALUERPM-001 e ⁺ por procedemento interno P-SALUERPM-002

¹ Cálculo do prezo: prezo base por nº de mostras máis prezo por elemento polo nº total de elementos que se lle determinen a cada mostra.

81	PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS	2011	2012
8101A	pH, por mostra	3,00 €	3,09 €
8102A	Condutividade, por mostra	3,00 €	3,09 €
8103A	Residuo seco 180°C (sinxelo), por mostra	1,50 €	2,00 €
8104A	Residuo seco 110°C (sinxelo), por mostra		2,00 €

83 ANÁLISE CUANTITATIVA

8301A	Totais en mostras líquidas, por mostra ¹	11,02 €
8302A	Totais disoltos en mostras líquidas, por mostra ¹	6,22 €
8303A	Prezo por elemento	0,80 €
8304A	Análise semicuantitativa por ICP-MS	6,75 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

9 UNIDADE DE XEOCRONOLOXÍA

NOTAS: ¹ *Análise de espectrometría de masas de gases nobres: estes prezos non inclúen a análise de datos para a resolución de components.*

91 ANÁLISE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS DE GASES NOBRES¹

		2011	2012
911B	Ar/Kr/Xe	300,00 €	309,00 €
912B	He/Ne	400,00 €	412,00 €

92 ANÁLISE DE TL/OSL

921B	Preparación de mostras, por mostra	80,00 €	82,40 €
922B	Medida e obtención de idades en cuarzo: dose equivalente <100 Gy	400,00 €	412,00 €
923B	Medida e obtención de idades en cuarzo: dose equivalente >100 Gy	500,00 €	515,00 €
924B	Medida e obtención de idades en feldspatos: dose equivalente <100 Gy	500,00 €	515,00 €
925B	Medida e obtención de idades en feldspatos: dose equivalente >100 Gy	600,00 €	618,00 €

Comisión de usuarios.

3. Novas Tarifas Servizos: Proposta: subida do IPC

10 OUTROS

101 NITRÓXENO LÍQUIDO

2011

2012

1011A Subministración de nitróxeno líquido *

2,04 €

2,10 €

** Cobrarase este prezo polos litros servidos que excedan de 70 ao semestre*

102 CALIBRACIÓNS

1021A Calibración de micropipetas

15,00 €

15,00 €

103 USO DE EQUIPAMENTO

1031A Emprego de balanzas analíticas con supervisión

15,00 €



4. Rogos e preguntas